

**Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS**

ORDE do 10 de xullo de 2013 pola que se fai pública a relación de persoal docente que obtivo destino definitivo no proceso de adscrición regulado na Orde do 14 de xuño de 2013, pola que se desenvolve o Decreto 49/2013, do 21 de marzo, polo que se crean e se transforman institutos de educación secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia

**TEXTO:**

Por Decreto 49/2013, do 21 de marzo, transfórmanse os institutos de educación secundaria As Mercedes de Lugo e A Carballeira-Marcos Valcárcel de Ourense en centros integrados de formación profesional e créase o instituto de educación secundaria do Milladoiro. Este Decreto é obxecto de desenvolvemento pola Orde do 14 de xuño de 2013 (DOG núm. 118 do 21 de xuño).

O artigo décimo da Orde do 14 de xuño de 2013 establece que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará no *Diario Oficial de Galicia* os destinos do persoal docente que os obteña con carácter definitivo.

Na súa virtude, esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

**DISPÓN:**

Primeiro.- Facer pública, en aplicación do artigo décimo da Orde do 14 de xuño de 2013 e como anexo I a esta Orde, a relación do profesorado que obtén un destino definitivo nos centros que se relacionan e con efectividade do 1 de setembro de 2013.

Segundo.- Facer pública, como anexo II a esta Orde, a relación de profesorado que obtén destino definitivo no IES O Milladoiro con efectividade do 1 de setembro de 2013.

Terceiro.- De conformidade co establecido no artigo décimo primeiro da Orde do 14 de xuño de 2013, o persoal funcionario docente, adscrito con carácter definitivo na presente Orde, manterá, para todos os efectos de antigüidade no novo centro, a xerada no seu centro de orixe.

Cuarto.- Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, o persoal interesado poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2013

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

## ANEXO I

DNI	Apellido 1	Apellido 2	Nome	Corpo	CENCOD	Centro
33835020L	Vázquez	Castro	M <sup>a</sup> Carmen	C	27006528	CIFP As Mercedes
33835333X	Nadela	Rodríguez	Inés	Mestre	27006531	IES Lucus Augusti
33832720L	Varela	Vázquez	M <sup>a</sup> Lourdes	Mestre	27006531	IES Lucus Augusti
76405689B	Fernández	Naveiro	Juan Carlos	C	27006531	IES Lucus Augusti
33851160J	Pedrouzo	Devesa	José	PES	27006531	IES Lucus Augusti
33327268S	Gómez	Cabanas	M <sup>a</sup> de la Paz	PES	27006531	IES Lucus Augusti
33801359F	Fernández	Fernández	M <sup>a</sup> Amelia	PES	27006541	IES Nosa. Sra. dos Ollos Grandes
33834722C	Copa	Novo	Jesús Ramón	PES	27006541	IES Nosa. Sra. dos Ollos Grandes
33812990T	Lamela	Castro	Manuel Ricardo	PES	27006541	IES Nosa. Sra. dos Ollos Grandes
32412337R	Rodríguez	Aira	José Manuel	C	27006541	IES Nosa. Sra. dos Ollos Grandes
33860770D	Lence	Cortiñas	M <sup>a</sup> Hortensia	PES	27006541	IES Nosa. Sra. dos Ollos Grandes
33302671M	Suárez	López	Luis	PES	27016455	IES Sanxillao
33828923V	Rodríguez	Corredoira	Manuel	PES	27016455	IES Sanxillao
34904010S	Arias	Álvarez	Delia	Mestre	32015207	IES O Couto
34934417Q	Outeiriño	Fabello	Minerva	Mestre	32015207	IES O Couto
34603830P	Chillón	Iglesias	Francisco	Mestre	32015207	IES O Couto
34935061Q	Blanco	Fernández	M <sup>a</sup> Dolores	PES	32015207	IES O Couto
33230130Y	Fidalgo	Fernández	José Manuel	PES	32015207	IES O Couto
76811071H	Muras	Barreira	M <sup>a</sup> Pilar	PES	32015207	IES O Couto

## ANEXO II

DNI	Apellido 1	Apellido 2	Nome	Corpo	CENCOD	Centro
32410920X	Neira	Suárez	M <sup>a</sup> Consuelo	PES	15032807	IES O Milladoiro
32775868V	Pardo	Varela	Guadalupe	PES	15032807	IES O Milladoiro